O Pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva, reunido o 10 de novembro de 2026 resolveu, por unanimidade, en relación co Recurso interposto por D. Henrique Fonterigo Quiñones contra os acordos adoptados pola Xunta Electoral da Federación Galega de Pádel na súa sesión do 29 de outubro de 2026, relativos á continuación do proceso electoral e ás condicións de repetición da votación do estamento de entidades deportivas na mesa electoral de A Coruña, expediente **núm. 180/2026,** con base nos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. O 12 de setembro de 2026 celebráronse as votacións presenciais para a elección dos membros da Asemblea Xeral da Federación Galega de Pádel, correspondentes ao proceso electoral 2026-2029. As votacións desenvolvéronse nas mesas electorais constituídas na Coruña e en Vigo, de conformidade co establecido no Regulamento Electoral da Federación. O escrutinio do voto por correo tivo lugar o 6 de outubro de 2026.

Segundo. Mediante a Acta núm. 12, do 8 de outubro de 2026, a Xunta Electoral acordou declarar inválido o resultado da votación presencial correspondente ao estamento de entidades deportivas na mesa electoral da Coruña, como consecuencia dunha incidencia producida durante a votación que podía afectar á regularidade do resultado electoral. En consecuencia, acordouse repetir a votación presencial do referido estamento, mantendo os resultados correspondentes á mesa de Vigo, aos restantes estamentos da mesa da Coruña e ao voto por correo xa escrutado.

Así mesmo, acordouse solicitar á Secretaría Xeral para o Deporte unha relación das entidades deportivas que solicitaran o voto por correo, coa finalidade de excluílas da repetición da votación presencial, con independencia de que efectivamente emitisen o seu voto por esa modalidade.

Terceiro. Mediante a Acta núm. 13, do 29 de outubro de 2026, a Xunta Electoral constatou que continuaba pendente a recepción da relación de entidades solicitantes do voto por correo En consecuencia, acordou reiterar a solicitude de información á Secretaría Xeral para o Deporte e condicionar a formulación dunha nova proposta de calendario electoral á recepción da dita información.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GXx5xsBOSIK1 https://sede.xunta.gal/cve

Así mesmo, contemplou a posibilidade de someter a unha sesión posterior a ampliación da repetición electoral ao voto por correo do estamento de entidades deportivas, no suposto de non obter a información solicitada.

Cuarto. Contra os referidos acordos, D. Henrique Fonterigo Quiñones interpuxo recurso electoral o 30 de outubro de 2026. O recorrente sostén que a mera solicitude de voto por correo non pode determinar a exclusión dunha entidade deportiva da votación presencial, dado que o artigo 44.1 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, na redacción introducida polo Decreto 171/2021, do 23 de decembro, establece a prevalencia do voto presencial sobre o emitido por correo cando concorran ambas as modalidades. En consecuencia, solicita que se permita participar na repetición da votación presencial a todas as entidades deportivas incluídas no censo electoral definitivo correspondente á mesa da Coruña, sen exclusión pola mera solicitude de voto por correo.

Así mesmo, considera que non resulta necesaria a obtención da relación xeral de solicitantes do voto por correo para continuar o proceso electoral, polo que solicita que se deixe sen efecto a subordinación da elaboración do novo calendario á recepción da dita información.

En relación co voto por correo, o recorrente manifesta que os dous votos postais válidos computados no escrutinio do 6 de outubro de 2026 corresponderían ás entidades Pádel D3 e Sociedade Deportiva Cultural e Xuvenil Atlético San Antonio. Solicita a comprobación documental desta circunstancia e, como pretensión principal, o mantemento dos dous votos postais e dos seus resultados, sempre que as referidas entidades non exerzan novamente o voto presencial. Subsidiariamente, para o suposto de que se produza unha concorrencia de modalidades que non poida corrixirse sen comprometer o segredo do sufraxio, solicita que se adopten as medidas correctoras indispensables para garantir a legalidade do resultado electoral.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Competencia do Comité Galego de Xustiza Deportiva.- O Comité Galego de Xustiza Deportiva é competente para coñecer e resolver o presente recurso, de conformidade co establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, e nos artigos 50 e seguintes do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GXx5xsBOSIK1 https://sede.xunta.gal/cve

se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, modificado polo Decreto 171/2021, do 23 de decembro.

En particular, o artigo 50 do citado decreto atribúe ao Comité o coñecemento e resolución dos recursos relativos aos procesos electorais das federacións deportivas galegas e recoñécelle a facultade de adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para garantir a legalidade dos ditos procesos.

Esta previsión resulta especialmente relevante no presente suposto, no que a controversia non se limita á interpretación dunha determinada regra de votación, senón que afecta ás condicións nas que debe executarse a repetición dunha votación previamente invalidada e ás garantías necesarias para obter un resultado electoral válido.

SEGUNDO.- Admisibilidade do recurso e delimitación do seu obxecto.- O recorrente ostenta a condición de candidato no proceso electoral, polo que presenta un interese lexítimo na súa regularidade e correcta finalización.

O escrito de recurso está datado o 30 de outubro de 2026, día no que lle foi comunicada a Acta núm. 13 e polo tanto, interpúxoxe dentro do prazo legal de 3 días.

TERCEIRO.- Prevalencia do voto presencial e a participación das entidades incluídas no censo definitivo.- O artigo 44.1 do Decreto 16/2018, na redacción introducida polo Decreto 171/2021, establece a prevalencia do voto presencial sobre o emitido por correo no suposto de concorrencia de ambas modalidades; cuestión reproducida no artigo 30.1 do Regulamento electoral da Federación Galega de Pádel.

Esta regra debe interpretarse conxuntamente coas disposicións reguladoras do censo electoral e do procedemento de votación, concretamente, o artigo 17.3 do Regulamento Electoral establece que o dereito de voto se acredita mediante a inscrición no censo electoral definitivo.

Pola súa banda, o artigo 9.II.b) do mesmo Regulamento referido a "Mesa electoral de voto por correo" dispón que a mesa electoral do voto por correo debe recibir o censo definitivo coa indicación das persoas que exerceron o voto presencialmente coa finalidade de garantir que non se computen os votos por correo que puidesen emitir esas mesmas persoas.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GXx5xsBOSIK1 https://sede.xunta.gal/cve

Da interpretación conxunta destas disposicións resulta que a mera solicitude de voto por correo non pode equipararse ao exercicio efectivo do dereito de sufraxio, nin ao cómputo dun voto válido.

En consecuencia, a solicitude de voto por correo non constitúe, por si soa, causa suficiente para impedir o exercicio do voto presencial, sen prexuízo das regras de organización censual e de control da unicidade do sufraxio establecidas na normativa electoral.

No presente caso, a repetición acordada pola Xunta Electoral ten por obxecto substituír unha votación presencial cuxo resultado foi declarado inválido pero dita repetición debe desenvolverse respectando as condicións de participación derivadas do censo electoral definitivo e sen introducir restricións adicionais que non conten cunha cobertura normativa suficiente.

Polo tanto, procede estimar a pretensión do recorrente relativa á participación na nova votación presencial das entidades deportivas incluídas no censo definitivo correspondente á mesa da Coruña, sen que a mera solicitude de voto por correo determine a súa exclusión.

Esta conclusión non prexulga a necesidade de establecer os mecanismos de control precisos para evitar que un mesmo elector poida emitir dous votos computables no resultado definitivo.

CUARTO.- Innecesariedade da relación de solicitantes do voto por correo para continuar o proceso electoral. A Xunta Electoral condicionou a formulación dunha nova proposta de calendario electoral á recepción dunha relación das entidades deportivas que solicitaran o voto por correo. A finalidade expresada para solicitar dita información era identificar as entidades que debían quedar excluídas da repetición presencial.

Con todo, unha vez establecido que a mera solicitude de voto por correo non pode determinar automaticamente a exclusión do elector da votación presencial, desaparece o fundamento que xustificaba considerar imprescindible a obtención da referida relación para continuar o procedemento.

A Xunta Electoral dispón do censo electoral definitivo como instrumento para determinar as entidades con dereito a participar na votación. Así mesmo, a

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GXx5xsBOSIK1 https://sede.xunta.gal/cve

normativa electoral establece os mecanismos necesarios para comprobar a identidade dos votantes e impedir o dobre cómputo dos sufraxios. En consecuencia, a falta de recepción dunha relación xeral de solicitantes do voto por correo non constitúe un impedimento xurídico suficiente para continuar coa tramitación do proceso electoral.

Isto non exclúe que a Xunta Electoral poida solicitar información ou documentación adicional cando resulte necesaria para o exercicio das súas funcións pero dita facultade non pode converterse nunha condición que determine a paralización indefinida do proceso electoral cando a información solicitada non resulte imprescindible para a súa continuación.

Procede, polo tanto, estimar o recurso neste extremo e deixar sen efecto a subordinación da elaboración da nova proposta de calendario electoral á recepción da relación xeral de solicitantes do voto por correo.

QUINTO.- Respecto a votación por correo.- O recorrente solicita que se conserven os dous votos por correo que, segundo manifesta, corresponderían ás entidades Pádel D3 e Sociedade Deportiva Cultural e Xuvenil Atlético San Antonio, sempre que estas non exerzan o voto presencial na repetición.

A pretensión fundaméntase no principio de conservación dos actos electorais validamente realizados e na consideración de que a eventual concorrencia entre modalidades debe resolverse mediante a prevalencia do voto presencial.

Este Comité comparte que a mera solicitude de voto por correo non pode determinar a exclusión do elector da votación presencial e que deben preservarse, con carácter xeral, os actos electorais non afectados por irregularidades. Con todo, a aplicación destes principios ao presente suposto debe ter en conta as circunstancias específicas nas que se produce a repetición electoral.

En primeiro lugar, o escrutinio do voto por correo xa foi realizado o 6 de outubro de 2026, en segundo lugar, dito escrutinio efectuouse tomando como referencia unha votación presencial cuxo resultado foi posteriormente declarado inválido e, en terceiro lugar, a repetición da votación presencial determina a necesidade de efectuar novamente o control de concorrencia entre ambas modalidades de voto.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GXx5xsBOSIK1 https://sede.xunta.gal/cve

O artigo 9.II.b) do Regulamento Electoral establece precisamente que a mesa do voto por correo debe dispoñer da relación de electores que votaron presencialmente coa finalidade de impedir o cómputo dos seus votos postais. Esta previsión evidencia que o escrutinio do voto por correo se atopa procedimentalmente vinculado á previa determinación dos electores que exerceron o sufraxio presencial.

Neste punto debe recordarse que o procedemento de escrutinio do voto por correo está configurado para garantir o segredo do sufraxio. Unha vez comprobada a identidade dos electores e admitidos os votos, as papeletas son incorporadas ao escrutinio sen que poida establecerse unha vinculación individualizada entre cada elector e o sentido do seu voto. En consecuencia, unha vez realizado o escrutinio, a identificación das entidades que emitiron os votos postais non permite necesariamente determinar a candidatura á que corresponde cada un deles.

Esta circunstancia resulta especialmente relevante no presente suposto xa que si se conservasen os dous votos postais xa escrutados que solicita o recorrente e algunha das entidades que os emitiron exercese o voto presencial na repetición, debería aplicarse a regra de prevalencia establecida no artigo 44.1 do Decreto 16/2018. Sen embargo, ao atoparse xa escrutadas as papeletas postais, non sería posible determinar con certeza que voto debería descontarse do resultado anterior sen comprometer o segredo do sufraxio.

A solución proposta polo recorrente consistente en conservar os dous votos postais sempre que os seus emisores non participen presencialmente, permitiría evitar a duplicidade no suposto de que ambos os electores se abstivesen de votar na repetición pero esta solución deixaría condicionada a regularidade do resultado á conduta futura dos referidos electores e non resolvería anticipadamente as consecuencias dunha eventual concorrencia.

Debe recordarse que o procedemento electoral debe organizarse de maneira que as garantías do sufraxio queden establecidas con carácter previo á votación, sen depender da necesidade de introducir correccións posteriores que poidan resultar materialmente imposibles.

Por esta razón, a conservación do escrutinio postal anterior non ofrece, nas circunstancias descritas, unha garantía suficiente de que o resultado definitivo poida

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GXx5xsBOSIK1 https://sede.xunta.gal/cve

determinarse respectando simultaneamente a prevalencia do voto presencial, a unidade do sufraxio e o segredo do voto.

SEXTO.- Facultades do Comité para garantir a legalidade do proceso electoral..- O artigo 50 do Decreto 16/2018 atribúe ao Comité Galego de Xustiza Deportiva a facultade de adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para garantir a legalidade dos procesos electorais das federacións deportivas galegas.

No presente caso, a cuestión relativa á conservación ou repetición do voto por correo forma parte do obxecto material da controversia. O recorrente solicita expresamente a conservación dos dous votos postais e, subsidiariamente, a adopción das medidas correctoras necesarias se resultase incompatible co segredo do sufraxio.

Polo tanto, a análise da necesidade de repetir o voto por correo non introduce unha cuestión completamente allea ao recurso, senón que responde á necesidade de determinar a solución xuridicamente procedente para garantir a regularidade da repetición electoral.

Neste contexto, o artigo 50 do Decreto proporciona cobertura para que o Comité examine e, de ser necesario, adopte unha medida distinta da solicitada con carácter principal polo recorrente, sempre que resulte indispensable para restablecer a legalidade electoral.

E neste aspecto, debe terse en conta que a repetición da votación presencial acordada pola Xunta Electoral obriga a establecer un procedemento que permita determinar novamente os votos válidos computables no resultado definitivo. O mantemento do escrutinio postal anterior presenta unha dificultade esencial, xa que foi realizado tomando como referencia unha votación presencial posteriormente invalidada e non permite garantir, en todos os supostos posibles, a aplicación efectiva da prevalencia do voto presencial.

A identificación dos dous electores postais, mesmo no suposto de quedar plenamente acreditada, non resolve esta dificultade, dado que non permite individualizar o sentido das papeletas xa escrutadas. Por outra banda, a exclusión dos referidos electores da votación presencial tampouco constitúe unha solución

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GXx5xsBOSIK1 https://sede.xunta.gal/cve

adecuada, ao resultar incompatible coa interpretación da regra de prevalencia do voto presencial anteriormente exposta.

En consecuencia, para garantir que o novo resultado electoral se obteña mediante un procedemento coherente e verificable resulta procedente que a repetición comprenda tanto a votación presencial como o voto por correo correspondente ao ámbito electoral afectado, debendo repetirse dende o inicio, isto é, debendo abrirse novamente o prazo para as solicitudes de voto por correo.

Esta medida non se fundamenta na existencia dunha irregularidade propia dos votos postais emitidos o 6 de outubro de 2026, nin na falta de recepción da relación de solicitantes do voto por correo. A súa xustificación reside na necesidade de evitar que o resultado definitivo incorpore un escrutinio postal efectuado sobre a base dunha votación presencial posteriormente invalidada, cando a eventual concorrencia entre modalidades non podería ser corrixida individualmente sen comprometer as garantías electorais.

A repetición conxunta permite restablecer a secuencia procedemental prevista na normativa electoral: celebración da votación presencial, identificación dos electores que exerceron esta modalidade e posterior escrutinio dos votos por correo, excluíndo do cómputo aqueles que correspondan a electores que xa votaron presencialmente. Deste xeito, garántese a aplicación efectiva do artigo 44.1 do Decreto 16/2018 e do artigo 9.II.b) do Regulamento Electoral.

A medida debe limitarse ao estamento de entidades deportivas, dando prazo de novo para a solicitude de voto por correo e circunscrito ao ámbito territorial afectado pola repetición, sen estenderse aos resultados correspondentes á mesa de Vigo nin aos restantes estamentos da mesa da Coruña.

SÉTIMO.- Continuación do proceso electoral.- Unha vez determinadas as condicións nas que debe executarse a repetición electoral, non existe fundamento para manter paralizada a tramitación do proceso á espera da recepción dunha relación xeral de solicitantes do voto por correo.

A Xunta Electoral deberá impulsar a elaboración dunha nova proposta de calendario electoral, que deberá someterse á aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte nos termos establecidos pola normativa aplicable.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GXx5xsBOSIK1 https://sede.xunta.gal/cve

En atención ao exposto,

O **COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA por unanimidade RESOLVE:** ESTIMAR PARCIALMENTE o recurso interposto por D. Henrique Fonterigo Quiñones contra os acordos adoptados pola Xunta Electoral da Federación Galega de Pádel na súa Acta núm. 13, do 29 de outubro de 2026, acordando:

1º.- DEIXAR SEN EFECTO os acordos da Acta núm. 13 que condicionan a continuación do proceso electoral e a elaboración dunha nova proposta de calendario á recepción dunha relación xeral das entidades deportivas solicitantes do voto por correo, debendo a Xunta Electoral continuar coa tramitación do proceso electoral sen supeditar a súa continuación á recepción da dita relación.

2º.- Respecto da repetición da votación presencial correspondente ao estamento de entidades deportivas na mesa da Coruña deberán poder participar todas as entidades deportivas incluídas no censo electoral definitivo correspondente ao dito ámbito, sen exclusión pola mera solicitude de voto por correo e coas garantías necesarias para impedir o dobre cómputo de sufraxios.

3º.- DESESTIMAR a pretensión do recorrente relativa á conservación dos dous votos por correo xa escrutados o 6 de outubro de 2026, que atribúe ás entidades Pádel D3 e Sociedade Deportiva Cultural e Xuvenil Atlético San Antonio.

4º.- ACORDAR a extensión da repetición electoral ao voto por correo correspondente ao estamento de entidades deportivas no ámbito territorial da mesa electoral da Coruña, debendo abrirse un novo prazo para a solicitude de voto por correo e proceder ao escrutinio conforme a normativa aplicable.

5º.- ORDENAR á Xunta Electoral da Federación Galega de Pádel que impulse sen dilación a elaboración dunha nova proposta de calendario electoral, que deberá someterse á aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte coas garantías e prazos establecidos na normativa aplicable.

Notifíquese ás persoas interesadas, facéndolles saber a todos eles que a presente resolución pon fin á vía administrativa, polo que contra ela cabe recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GXx5xsBOSIK1 https://sede.xunta.gal/cve

súa notificación, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2026.

O Pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva

P.O. A secretaria

Asinado por: GARCIA GUT, MARIA SANDRA
Cargo: Secretaria do Comité Galego de Xustiza Deportiva
Data e hora: 11/11/2026 14:07:35

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GXx5xsBOSIK1 https://sede.xunta.gal/cve